

REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO UNIVERSITARIO

- 1) O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, poderá outorgar, a proposta das xuntas de centro, un Premio Extraordinario de Graduado/a por cada titulación e curso académico.
- 2) Non poderán concederse premios extraordinarios pola obtención da titulación como consecuencia da superación dos cursos de adaptación ás titulacións de grao.
- 3) Poderán optar aos premios extraordinarios as persoas que finalicen os seus estudos de grao na Universidade de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos, 180 créditos da titulación, incluídos os créditos recoñecidos por actividades recollidas no punto 8 do Artigo 12 do RD 861/2010.
 - b) Acadar una puntuación media no seu expediente académico que esté no rango do 10% superior das calificacións medias da súa promoción.
- 4) A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da aplicación do sistema de cálculo recollido no “Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos”.
- 5) Antes do 1 de novembro, por cada titulación farase a valoración dos expedientes dos estudantes que finalizaron os seus estudos no curso inmediatamente anterior. As certificacións académicas das persoas que reúnan os requisitos do apartado 3, serán avaliadas polos tribunais correspondientes.
- 6) Os tribunais que elaborarán as propostas dos Premios Extraordinarios, estarán constituídos por tres profesores/as doutores/as, con vinculación permanente á Universidade, que deberán ser propostos pola xunta de centro, entre os seus membros. Os tribunais elaborarán un acta que enviarán á secretaría do centro para a súa ratificación pola xunta de centro.
- 7) Poderase deixar deserta a concesión dos premios extraordinarios. Nese caso, non poderán acumularse aos de sucesivas convocatorias.
- 8) O centro comunicará a súa proposta á Secretaría Xeral antes do día 30 de novembro.

- 9) A obtención de premio extraordinario reflectirase no título.
- 10) O estudantado que obteña o premio extraordinario estará exento do pagamento das taxas de expedición do título universitario. No caso de que o/a estudante xa as tivese aboado, procederase de oficio á devolución importe satisfeito.

Disposición transitoria. Os centros poderán proponden, antes do 30 de novembro de 2011, premios extraordinarios en cada una das promocións de titulacións de grao anteriores a aprobación de este regulamento.

Xuño de 2011